

PROGRAMACIÓN EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na Orde 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria, defínese o que se entende por actividades complementarias e extraescolares e sinálanse as características das mesmas:

- Considéranse **actividades complementarias** as organizadas polo centro durante o horario lectivo, que formando parte das programacións didácticas e teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan.
- Considéranse **actividades extraescolares** aquelas que, sendo organizadas polo centro, por entidades sen ánimo de lucro, asociacións... e figurando na programación xeral anual, realízanse fóra do horario lectivo.

Este ano o equipo de Actividades Complementaria e Extraescolares estará composto polos seguintes membros:

- Sara Rodríguez da Silva (coordinadora)
- Alicia Pereira Pereira

A continuación detállase a proposta de actividades para o curso 2023-24:

1º TRIMESTRE

- **PROMOCIÓN JUDO**
 - **DATA:** 14 Setembro2023
 - **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** ximnasio do CEP Altamira
 - **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** aulas de 5º e 6º de Esfarrapada
 - **TRANSPORTE:** o alumnado irá camiñando xunto co profesorado
 - **DESCRIPCIÓN:** posta en marcha dunha exhibición por parte de monitores especializados para dar a coñecer o judo como actividade extraescolar.

○ **MAGOSTO**

- **DATA:** Novembro 2023
- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** sede e aulas de parroquia
- **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** todas as aulas do CRA
- **TRANSPORTE:** privado (no caso de realizarse xuntanzas de aulas, serán as familias as encargadas de levar ao alumnado á mesma)
- **DESCRICIÓN:** en colaboración coa ANPA, organizarase a xuntanza de grupos nas parroquias e o asado das castañas, ademais da proposta da realización de diferentes talleres que teñan como eixo condutor os debuxos animados.

○ **SAÍDA DIDÁCTICA**

- **DATA:** Decembro 2023
- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** sen determinar
- **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** todas as aulas do CRA
- **TRANSPORTE:** privado ou autobús, dependendo do lugar de celebración
- **DESCRICIÓN:** barállanse diferentes opcións de saída que aínda están por determinar (visita ao cine de Vigo ou espectáculo no auditorio Municipal).

2ºTRIMESTRE

○ **DESFILÉ DE ENTROIDO**

- **DATA:** Febreiro 2024
- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** sede e aulas de parroquia
- **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** todas as aulas do CRA
- **TRANSPORTE:** privado
- **DESCRICIÓN:** ao igual que tódolos anos, realizaremos un desfile polas rúas do Concello xunto co resto de centros educativos. Os disfraces do alumnado terán como eixo a temática anual desde curso: os debuxos animados.

3º TRIMESTRE

○ VISITA AO PAZO DE PEGULLAL

- **DATA:** Abril 2024
- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** Pazo de Pegullal
- **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** todas as aulas do CRA
- **TRANSPORTE:** privado e/ou o alumnado irá camiñando xunto co profesorado
- **DESCRICIÓN:** en colaboración co equipo de biblioteca e coa ANPA, realizarase un roteiro literario no Pazo de Pegullal en Salceda de Caselas, no que o alumnado terá que realizar diferentes actividades co eixo condutor dos contos.

○ SAÍDA GRANXA ESCOLA CORAZÓN DE CARBALLO

- **DATA:** 11, 12 e 13 de Xuño 2024
- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** Corazón de Carballo, Tomiño
- **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** todas as aulas do CRA
- **TRANSPORTE:** autobús
- **DESCRICIÓN:** ao longo dos tres días, o alumnado das diferentes aulas do centro acudirán á granxa escola para participar nas diferentes actividades que eles propoñan. A actividade durará toda a mañá e parte da tarde.

○ FESTA FIN DE CURSO

- **DATA:** Xuño 2024
- **LUGAR DE CELEBRACIÓN:** sede do CRA
- **GRUPOS QUE ASISTIRÁN:** todas as aulas do CRA
- **TRANSPORTE:** privado
- **DESCRICIÓN:** posta en marcha de diferentes actividades lúdicas (talleres, xogos, hinchables...) para festexar o final de curso.